

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN E
A REAL ACADEMIA GALEGA DE CIENCIAS PARA A ORGANIZACIÓN E
DESENVOLVEMENTO DA SEGUNDA EDICIÓN DOS PREMIOS DE
TRANSFERENCIA DE TECNOLOXÍA EN GALICIA NO 2016.**

En Santiago de Compostela, a 19 de maio de 2016

R E U N I D O S

Dunha parte, D. FRANCISCO JOSÉ CONDE LÓPEZ, Conselleiro de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, nomeado para o devandito cargo polo Decreto 116/2015, do 4 de outubro (DOG nº190, do 5 de outubro), actuando no exercicio das atribucións conferidas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia e polo Decreto 110/2013, do 4 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía e Industria; Presidente da Axencia Galega de Innovación (en diante, GAIN), en virtude do disposto no artigo 12 do Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro, polo que se crea a Axencia Galega de Innovación y se aproban os seus estatutos.

Doutra, D. MIGUEL ÁNGEL RIOS FERNÁNDEZ, NIF 33025857 L, que actúa en nome e representación da Real Academia Galega de Ciencias (en diante RAGC), con CIF Q-1568010-A, con domicilio social na Facultade de Química, Avda. das Ciencias s/n, no Campus Vida, da cidade de Santiago de Compostela, en virtude do seu nomeamento como Presidente da RAGC, por acordo do Pleno desta, en sesión celebrada o día 28 de novembro de 2013, todo iso segundo o disposto no Regulamento aprobado polos Reais Decretos 1218/1977 do 23 de abril; o 2629/1983 do 10 de setembro e o 70/1998 do 23 de xaneiro.

E X P O Ñ E N

PRIMEIRO.-

Que a Axencia Galega de Innovación (en adiante, GAIN) é unha axencia pública autonómica encadrada nas entidades instrumentais do sector público autonómico reguladas no título III da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico, tal e como se recolle no Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro, polo que se crea a Axencia Galega de Innovación e se aproban os seus estatutos.

Esta entidade encóntrase adscrita á Consellería de Economía, Emprego e Industria e conta con personalidade xurídica propia diferenciada respecto da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, patrimonio e tesourería propios e autonomía de xestión nos termos que precisen as leis.

Os seus estatutos atribúenlle, entre outras, as seguintes funcións: a ordenación, planificación, coordinación, execución e seguimento das competencias en materia de fomento da investigación que ten atribuídas a Comunidade Autónoma de Galicia en virtude do establecido no artigo 27.19º do Estatuto de autonomía de Galicia; a promoción, xestión e execución do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica, asumindo a súa coordinación; seguimento e avaliación, promover proxectos de interese xeral en materia de ciencia e tecnoloxía.

SEGUNDO.-

A Real Academia Galega de Ciencias (en adiante, RAGC), é unha corporación científicas de dereito público, sen ánimo de lucro e con personalidade xurídica propia, creada mediante o Real Decreto 1218/1977, do 23 de abril, para o cultivo do saber e a difusión do coñecemento e as súas aplicacións. O seu ámbito territorial é a comunidade autónoma de Galicia.

Mediante o Decreto 373/2003, do 16 de outubro, a Comunidade Autónoma de Galicia asumiu as funcións en materia de fomento da cultura e da investigación no seu

territorio, sen prexuízo do establecido no artigo 149.2 da Constitución española, e do desenvolvemento lexislativo e execución en materia de corporacións de dereito público representativas de intereses económicos e profesionais e, en concreto, das academias que teñan o seu domicilio no territorio da Comunidade Autónoma, entre as que se encontra a Real Academia Galega de Ciencias.

En virtude do acordo do Consello da Xunta do 16 de outubro de 2003, a RAGC adscribiuse á consellería de Innovación, Industria e Comercio. Na actualidade, o departamento de adscrición é a consellería de Economía, Emprego e Industria, a través da Axencia Galega de Innovación, segundo o establecido no artigo 3.2 c) do Decreto 175/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica desta consellería.

TERCEIRO.-

A RAGC, coa colaboración de GAIN, convocou no ano 2015 a primeira edición dos Premios á Transferencia de Tecnoloxía en Galicia en dúas modalidades: mellor traballo desenvolvido por un grupo de investigación aplicada e mellor caso de éxito empresarial de transferencia de tecnoloxía.

Ambas entidades, representantes do Sistema Galego de I+D+i, colaboraron na posta en marcha deste concurso baixo a premisa de que a axeitada transferencia de coñecemento procedente dos organismos de investigación ao tecido produtivo, está considerada unha estratexia prioritaria a nivel global para incrementar o desenvolvemento socioeconómico de calquera territorio. No caso de Galicia, estes procesos veñen sendo impulsados con resultados que convén recoñecer a través de casos de éxito que sexan difundidos á cidadanía e sirvan como referencia inspiradora para investigadores e empresarios.

Tendo en conta o éxito da primeira edición, tanto GAIN como a RAGC están interesados en celebrar unha segunda edición dos Premios á Transferencia de Tecnoloxía en Galicia, que contribúa á difusión do coñecemento en Galicia.

Con estes fins as partes acordan subscribir o presente convenio con base ás seguintes:

C L Á U S U L A S

PRIMEIRA.- Obxecto.

Este convenio ten por obxecto determinar o marco da colaboración entre GAIN e a RAGC para o desenvolvemento durante o ano 2016, das seguintes actividades de divulgación científico-técnica:

- Convocatoria da segunda edición dos Premios de Transferencia de Tecnoloxía en Galicia
- Difusión e comunicación de ditos premios entre o público obxectivo da convocatoria.

SEGUNDA.- Gastos subvencionables

De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (en adiante, LSG), consideraranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada e que se realicen no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2016 e a data límite de xustificación deste convenio.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Os conceptos subvencionables no marco deste convenio son os que se detallan a continuación:

1. Dotación da convocatoria dos Premios de Transferencia de Tecnoloxía en Galicia.
2. Gastos derivados da organización da convocatoria, do procesos de selección e entrega dos premios.
3. Gastos de publicidade.

Os gastos de persoal unicamente serán admisibles cando se deriven de contratacións de persoal especificamente para colaborar nas actividades obxecto do convenio.

Tendo o carácter estimativo do orzamento sinalado no Anexo, aceptaranse modificacións na distribución do gasto entre os diferentes conceptos subvencionables e entre as diferentes actividades que non supoñan minoracións en ningún destes conceptos ou actividades superiores o 10% da previsión inicial. Estas minoracións incrementarán as dotacións dos outros conceptos subvencionables e no seu caso das outras actividades.

A petición da RAGC e previo informe favorable da comisión de seguimento prevista no convenio, GAIN poderá autorizar variacións superiores ao 10% entre os diferentes conceptos subvencionables.

As modificacións previstas nos parágrafos anteriores serán posibles sempre e cando non supoñan un incremento do importe da subvención total.

En ningún caso se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, nin os impostos persoais sobre a renda. O imposto sobre o valor engadido (IVE) poderase considerar gasto subvencionable cando a entidade beneficiaria acredite mediante a correspondente certificación que se encontra acollida ao réxime de exención do IVE.

TERCEIRA. – Condicións económicas

As actividades obxecto deste convenio teñen un custo estimado de 57.300 euros (IVE non incluído), para o que GAIN concede unha subvención a fondo perdido do 100%, con cargo á aplicación orzamentaria 09.A3.561A.480.0 dos orzamentos da Comunidade Autónoma para o ano 2016.

A axuda será incompatible con outras axudas concedidas para o mesmo fin, xa que se financia o 100% das actividades obxecto do convenio.

Atendendo ao establecido no artigo 27 da LSG Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, a RAGC poderá subcontratar o 50% dos gastos subvencionados ao abeiro do presente

convenio, respectando ao efecto os límites establecidos nos puntos 6 e 7 do citado artigo.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas no texto refundido da Lei de contratos do sector público aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á solicitude da subvención, segundo o establecido no artigo 29.3 da Lei 9/2007.

Procederá a revogación da subvención, así como ao reintegro total ou parcial da cantidade percibida e a esixencia de xuros de demora nos casos e termos previstos nos artigos 32 a 40 (capítulos I e II do Título II) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

CUARTA. – Compromisos

A RAGC comprométese a:

- Presentar previamente á sinatura do convenio:
 - Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para a obtención de subvencións contempladas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
 - Certificados de estar ao corrente das obrigas tributarias estatais, coa comunidade autónoma e coa seguridade social, en cumprimento dos artigos 11.e e 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
 - Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas respectivas funcións de fiscalización e control de destino das axudas concedidas e facilitará a inspección e control dos órganos da Consellería de Economía, Emprego e Industria co obxecto de supervisar o cumprimento das actividades do convenio.

- Notificar a GAIN a concesión de calquera outra subvención concedida para o mesmo fin tan pronto se teña coñecemento da mesma.
- Dar consentimento expreso para incluír e facer público a través do Portal de transparencia e Goberno aberto e nos rexistros regulados polo Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos de axudas, subvencións e convenios e sancións, os datos referidos ás axudas e subvencións recibidas ao abeiro do presente convenio.
- En cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a información relativa ao convenio requirida no ordinal oitavo do devandito artigo será comunicada á Base de datos nacional de subvencións (BDNS).
- No caso de cesión de datos, cumprir as esixencias do artigo 12 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de Datos, adoptándose tanto as medidas de seguridade técnicas como organizativas.
- Facer constar expresamente a colaboración prestada por GAIN en todo o material relacionado coas actividades do convenio.
- Realizar as actividades obxecto do convenio de acordo con GAIN.
- Proporcionar información sobre as actividades obxecto do convenio a GAIN, que poderá proceder a súa difusión a través da súa páxina web.
- Cumprimento do disposto no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia, relativo ás obrigas do beneficiario de subvencións
- Subministrar toda a información necesaria para que GAIN poda dar cumprimento ás obrigas recollidas na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. No caso de que o beneficiario non atenda ao requirimento de información en prazo, procederase conforme ao establecido no artigo 4.4 do citado texto legal.

QUINTA. – Condicións de pagamento

Segundo o previsto nos artigos 31.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia e nos artigos 62 e 63 do Regulamento de desenvolvemento de dita Lei, poderase realizar pagos anticipados, de acordo coa seguinte distribución:

1) Primeiro pagamento

Poderá realizarse un pagamento anticipado por importe de ata 18.330,00 euros, de acordo co estipulado no artigo 63.1. Un do regulamento da Lei de subvencións de Galicia, previa solicitude da RAGC.

A realización de pagamentos anticipados está exenta da constitución de garantías conforme ao disposto no artigo 65.4 b) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2) Pagamento final e xustificación

O pagamento da achega restante ou, no seu caso, o seu importe total, en función de que a RAGC solicite ou non o anticipo, efectuarase unha vez comprobada a realización do obxecto do convenio e validada a documentación xustificativa presentada pola entidade ao efecto antes do 20 de novembro de 2016.

Como documentación xustificativa da realización das actividades do convenio e de acordo ao sinalado no artigo 48 do Decreto 11/2009, a RAGC deberá presentar:

1. Memoria final explicativa das actividades realizadas, acompañada dunha copia do material promocional e de difusión das actividades.
2. Certificación detallada do cumprimento da finalidade do presente convenio de colaboración e da aplicación de fondos destinados ao mesmo, acompañada dunha memoria económica na que conste o concepto subvencionable, o proveedor, o importe (co IVE detallado) e a data de cada un dos xustificantes, agrupados por conceptos de gastos.
3. Documentación acreditativa da realización do 100% do investimento ou gasto, que consistirá en orixinal e unha copia das facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou eficacia administrativa, segundo o establecido no artigo 28.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 48 do Decreto 11/2009, polo que se aproba o regulamento da citada lei. As facturas irán acompañadas do documento que xustifique o correspondente pagamento (co IVE detallado).
4. Sen prexuízo do indicado nos puntos anteriores, no caso de custos de recursos propios (gastos correntes) xustificaranse ademais cunha memoria detallada das imputacións do mesmo á actividade correspondente. A memoria irá acompañada

dunha certificación asinada polo responsable da entidade e das correspondentes facturas ou documentos de valor probatorio equivalente.

5. Os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 29 da Lei de subvencións de Galicia, deba ter solicitado.

Así mesmo, deberá presentar:

1. Certificacións que acrediten que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma, en cumprimento do artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
2. Declaración complementaria das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a mesma finalidade, das distintas administracións públicas competentes ou dos seus organismos ou sociedades.
3. Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para a obtención de subvencións contempladas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
4. No caso de premios destinados a persoas físicas, a RAGC deberá presentar un certificado no que se especifique a porcentaxe de retención do IRPF aplicable, así como o importe bruto resultante.

De non xustificar o importe total das actuacións desenvolvidas, GAIN minorará a súa achega proporcionalmente, sempre e cando se acadara o obxecto do presente convenio e, así mesmo, resérvase o dereito de solicitar a documentación que considere precisa en relación coa xustificación de gastos.

SEXTA.- Inexistencia de relación laboral.

A subscrición do presente convenio, non implicará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian a desenvolver as actuacións obxecto deste convenio con GAIN, de tal xeito que non se lle poderá esixir a esta Axencia responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiariamente, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

SÉTIMA.- Seguimento do convenio

Créase unha Comisión de Seguimento e Coordinación das accións nel previstas, de composición paritaria integrada por catro membros, na que cada parte designará a dous membros.

Esta comisión reunirse tantas veces o soliciten algún dos seus membros.

No que respecta á súa constitución, funcionamento e adopción de acordos rexerá o disposto na normativa vixente en materia de órganos colexiados contida no Capítulo I, del Título I da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico.

OITAVA.- Alteración das actuacións

Toda alteración das actuacións a realizar deberán ser obxecto de autorización por GAIN e formalizarse mediante a correspondente addenda ao presente convenio.

En aplicación do disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro de racionalización do sector público autonómico, o convenio poderá ser modificado coa finalidade de lograr os obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira da Comunidade Autónoma de Galicia. As devanditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das actuacións a desenvolver pola RAGC ou a ampliación do prazo de execución.

NOVENA.- Vixencia do convenio

A vixencia do convenio esténdese desde a data da súa sinatura ata o 20 de novembro de 2016, sen prexuízo de que as actuacións que constitúen o seu obxecto se iniciasen no mes de xaneiro de 2016.

DÉCIMA.- Resolución do convenio.

Poderá dar lugar á resolución do convenio:

- A alteración das accións a realizar sen autorización de GAIN.
- A suspensión do convenio por parte de GAIN por razóns de interese público.
- O acordo mutuo entre as partes, formalizado por escrito.

UNDÉCIMA.- Réxime xurídico e controversias.

Este convenio ten carácter administrativo, rexéndose os seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, e no seu defecto polo establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento do citado texto legal.

Así mesmo, a súa regulación exclúese do ámbito de aplicación do Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (artigo 4.1 d), se ben observaranse os seus principios para a resolución das dúbidas e lagoas que se puidesen presentar.

GAIN ostentará as prerrogativas de interpretación, modificación, resolución e nulidade propia dos negocios xurídicos administrativos, de acordo coa lexislación de contratos do sector público. As cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación e cumprimento do convenio serán de coñecemento e competencia da orde Xurisdiccional do Contencioso-Administrativo.

E en proba de conformidade, asinan o presente Convenio, en duplicado exemplar, no lugar e data indicado na cabeceira do presente documento.

Pola Axencia Galega de Innovación

Pola Real Academia Galega de Ciencias

Francisco José Conde López

Miguel A. Ríos Fernández



**XUNTA
DE GALICIA**



ANEXO

ORZAMENTO ESTIMATIVO		
Concepto		Importe (€)
Premios de Transferencia de Tecnoloxía en Galicia (2ª edición)	Premio a un traballo de investigación aplicada	7.453,42
	- Axuda para a formación dun membro do equipo investigador gañador	4.968,94
	Premio empresarial a un caso de éxito en transferencia de tecnoloxía	12.000,00
	Premio para o caso de éxito de transferencia en empresas grandes (non pemes)	7.453,42
	Subtotal	31.875,78
Gastos organizativos da convocatoria, procesos de selección e entrega dos premios		4.124,22
Gastos de publicidade		21.300,00
TOTAL		57.300,00

Este orzamento ten un carácter estimativo, as posibles variacións ás que sexa sometido deberá axustarse ao disposto na cláusula segunda do convenio.